



**19 de xullo de 2009.** Por se non abondara co Sil, chega outra desfeita nun río da Rede Natura. Desta volta é o **río Mercurín** ao seu paso por Ordes, incluído no **LIC Río Tambre**, no que se está levando a cabo a construción dun **“paseo fluvial”** que inclúe o “acondicionamento” das marxes con accesos, escolleiras, pontes e mesmo o **desvío do caudal**. Materiais de recheo e sedimentos remexidos con **maquinaria pesada** invaden a canle e tapan as brañas, deteriorando a calidade das augas e o contorno fluvial. Ao tempo estase **“desbrozando” o bosque de ribeira** e talando numerosos ameneiros para permitir o paso das máquinas. Que teima teñen algúns por urbanizar a natureza!



---

Cómpre lembrar que o treito deste río obxecto das obras pertence á Rede Natura 2000, e forma parte coa categoría de ZEPVN da Rede Galega de Espazos Protexidos (**Lic Río Tambre, código ES 1110016**)

Entre os principais valores naturais afectados, está o hábitat

**“\*Bosques aluviais de A**

***Inus glutinos***

**a e**

***Fraxinus excelsior***

**(**

***Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae***

)"

, considerado de

**protección prioritaria**

pola U. E. (ver anexos da Directiva 92/43 CE, de Hábitats).



Portanto, segundo o artigo 6.4 da Directiva 92/43 CE "*En caso de que el lugar considerado albergue un tipo de hábitat natural y/o una especie prioritarios, únicamente se podrán alegar consideraciones relacionadas con la salud humana y la seguridad pública, o relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para el medio ambiente, o bien, previa consulta a la Comisión, otras* **razones imperiosas de interés público** *de primer orden"*

Precísase, xa que logo, non só da autorización da D. X. de Conservación da Natureza (Medio Rural) por tratarse dun espazo protexido, e de Augas de Galiza (Medio Ambiente) por afectar ao dominio público hidráulico, senón que a Xunta debe xustificar diante de Europa cais son "as razóns imperiosas de primeira orde" que xustifican a actuación sobre os hábitats prioritarios de brañas e bosques de ribeira, recheados e talados.

ADEGA xa ten solicitado a estes organizamos a **paralización cautelar** da obra e a apertura de dilixencias para comprobar se contan cos permisos pertinentes e, na medida do posíbel, salvagardar a integridade deste espazo protexido.